



Proposta

**Obradoiro de
teatro
extraescolar
no CEIP A
Sangriña**





ÍNDICE

03

Introducción

04


A propuesta en datos

05

Planificación mensual e dos obradoiros

07

O equipo



INTRODUCCIÓN

- Nesta proposta inclúese a implementación dun obradoiro de teatro semanal dentro da programación de actividades extraescolares que facilita a AMPA Atalaia.
- O traballo céntrase no desenvolvemento de competencias e no traballo na creatividade das participantes.
- En FOCO sempre temos en conta ademais o traballo de valores como o respecto e a igualdade a través das nosas actividades.

A PROPOSTA EN DATOS



Aquí presentamos os datos clave sobre a nosa proposta de actividade extraescolar.

2 facilitadores

Contaremos sempre con dúas persoas na aula. Juan Escalona será o facilitador principal que estará acompañado por outro co-facilitador

8-14 participantes

Traballamos con grupos reducidos para garantir a aprendizaxe e a atención personalizada de todas as participantes.

1° a 6° de primaria

Traballaremos con alumnado de primaria.

20€ mensuales

O custo mensual responde á dimensión do grupo e á experiencia do equipo que facilitará os obradoiros.

PLANTILLA DE PLANIFICACIÓN ANUAL

O U T U B R O

- Coñecer ás compañeiras
- Crear grupo
- Habituaros ás dinámicas da aula de teatro

N O V E M B R O

- Coñecer ferramentas e conceptos básicos do teatro
- Traballar na modulación da enerxía

D E C E M B R O

- Entender o concepto de foco
- Traballar asumir e ceder o foco

X A N E I R O

- Elixir o proceso creativo
- Desenvolver ferramentas creativas

F E B R E I R O

- Traballar o desenvolvemento de personaxes
- Comezar o proceso de creación e ensaios

M A R Z O

- Traballar o movemento
- Traballar a relación co espazo escénico
- Continuar co proceso de ensaios

A B R I L

- Traballar a técnica vocal e dicción
- Continuar co proceso de ensaios

M A I O

- Ensaio finais
- Mostra do traballo
- Avaliación da aprendizaxe

CÓMO É UN OBRADOIRO



15 : 30 A 15 : 40

Tomar asistencia e presentar o contido do obradoiro

15 : 40 A 15 : 50

Actividades e xogos de quecemento

15 : 50 A 16 : 20


Desenvolvemento dos contidos da unidade

16 : 20 A 16 : 50

Creación e ensaio da mostra ou traballo de creación e mostra dentro da aula

16 : 50 A 17 : 00

Xogo de despedida e avaliación



FOCO

FOCO é unha asociación con sede na Guarda (Pontevedra) fundada por persoas procedentes de diferentes ámbitos que pretende facer avanzar o campo da educación non formal mediante proxectos formativos e creativos e iniciativas innovadoras.

Os principais obxectivos da organización son:

- Cooperar con outras organizacións en España e Europa para promover a inclusión social, a creatividade, as artes, a cultura, a cidadanía activa, o respecto á diversidade e outros valores cívicos.
- Ofrecer oportunidades de formación para o desenvolvemento de competencias, o compromiso cívico, a promoción de valores sociais e outros.
- Promover actividades e proxectos que sigan os principios de calidade, relevancia, utilidade e dinamismo.

A educación non formal é aquela que se realiza dun xeito voluntario, fora do sistema educativo, baseada nun aprendizaxe en competencias. Neste tipo de educación, o participante é o responsable da súa aprendizaxe, e en lugar de exames e cualificacións, realízase un proceso de reflexión persoal sobre a aprendizaxe adquirida.

Dentro da educación non formal nos traballamos en dúas áreas principais:

1. Participación activa e valores democráticos

2. Teatro e cultura



JUAN ESCALONA CORRAL

Juan ten unha ampla experiencia no ámbito da educación non formal. Comezou a traballar como facilitador de teatro en 2012, traballando como monitor de extraescolar en Dinámica Teatral ata 2019, e como profesor de teatro na mesma escola en 2016. En 2015 empezou a traballar a nivel internacional no sector sen ánimo de lucro. Liderou grupos de mozos e traballadores xuvenís en máis de 30 proxectos teatrais de mobilidade en España, Irlanda, Grecia e Alemaña.

Juan colaborou no desenvolvemento de diversos manuais de pedagogía teatral, como Projecting Youth (2015), Drama for Youth Work (2019), Digital Drama Workshops (2021) ou TENACT - Teatro para a acción climática (2023, en desenvolvemento). Ademais Juan continúa a formarse en dirección e dramaturxia na ESAD de Galicia.

YAKUP HATIRLI

Yakup, nacido en Bursa (Turquía), licenciouse en Dramaturxia pola Facultade de Belas Artes da Universidade de Uludag, Departamento de Artes Escénicas, en 2017, e recentemente finalizou o seu programa de mestrado en Artes Escénicas na mesma institución. A súa tese de máster centrouse en "Formas narrativas nas artes escénicas dixitalizadas".

Ademais, ten catro anos de experiencia como profesor de historia do cinema, escritura dramática e redacción de guións. Na actualidade, Yakup ocupa o posto de especialista en dramaturxia en Acun Medya, unha empresa de streaming de medios dixitais coñecida como Exxen Dixital Services. Neste posto, ocúpase de analizar e desenvolver proxectos durante a fase de preproducción, así como de supervisar e guiar o argumento ao longo do proceso de produción. Durante o curso 2023/24 será parte do equipo de FOCO como voluntario europeo dentro do Corpo Europeo de Solidaridade.